

# **Aproximación á incorporación de perspectiva de xénero nunha materia de Grao en Enfermaría**

Coronado Carvajal, Carmen; Freijomil Vázquez, Carla

*Departamento Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña.*

**PALABRAS CLAVE:** Saúde comunitaria, Enfermaría, Igualdade de xénero, Equidade en saúde

## **RESUMO**

Entre os determinantes que condicionan o nivel de saúde da comunidade atópase o medioambiente psicosocial e sociocultural que engloba unha ampla gama de determinantes sociais da saúde como o sexo, a igualdade de xénero, a pobreza e a equidade (OPS/OMS, 2010).

A finalidade principal da acción enfermeira é potenciar ao máximo o grao de saúde das persoas, capacitándoas para a independencia e a vivencia plena de cada unha das etapas do seu ciclo vital a través da educación. Os alumnos de Grao en Enfermaría deben estar en condicións de detectar os factores que poñen a mulleres e homes en risco para a saúde e abordar as súas necesidades con intervencións eficaces. O xénero é un deses factores, e cremos que é imprescindible adoptar unha perspectiva de xénero na saúde comunitaria para lograr a equidade en saúde (Ponferrada Arteaga, 2017).

Na materia “Enfermaría Comunitaria I” se desenvolveron tres talleres de docencia interactiva en grupos de 20 alumnos, de hora e media de duración. Realizáronse lecturas e dinámicas de debate ou elaboración de materiais dixitais que se compartiron co grupo completo na aula virtual Moodle (Alcántara, 2008; Gavidia y Talavera 2012; OMS 2016).

Os nosos estudantes constataron a necesidade de reflexionar en como inflúen de distinta maneira nos problemas de saúde de mulleres e homes, non só os factores biolóxicos senón tamén os relacionados co estilo de vida e mesmo coas diferenzas no acceso e uso dos servizos do sistema sanitario. Todo iso bastante relacionado á vez con outros determinantes sociais como idade, grupo étnico, situación socioeconómica, etc.

# Aproximación á incorporación de perspectiva de xénero nunha materia de Grao en Enfermaría

## Contextualización

O nivel de saúde está condicionado por diversos determinantes que interaccionan entre si e que poden modificarse mediante accións conxuntas da sociedade cara unha mellor Saúde Comunitaria. Entre estes determinantes atópase o medioambiente psicosocial e sociocultural que engloba unha ampla gama de determinantes sociais da saúde como o sexo, a igualdade de xénero, a pobreza e a equidade.

A finalidade principal da acción profesional enfermeira é potenciar ao máximo o grao de saúde das persoas, capacitándoas para a independencia e a vivencia plena de cada unha das etapas do seu ciclo vital a través da educación. Os nosos alumnos de Grao en Enfermaría deben estar en condicións de detectar os factores que poñen a mulleres e homes en risco para a saúde e abordar as súas necesidades con intervencións eficaces. O xénero é un deses factores, e cremos que é imprescindible adoptar unha perspectiva de xénero nos problemas de saúde comunitaria para lograr a equidade en saúde.

## Explicación da proposta

### Curso académico e materia


- 2017/2018.
- 750G01014 Enfermaría Comunitaria I.

### Resultado de aprendizaxe

- Comprender o concepto de saúde e identificar e analizar os factores determinantes dá saúde (biolóxicos, ambientais, estilos de vida, e sistema sanitario).

### Actividade

- Incorporación da perspectiva de xénero nesta materia.
- 3 talleres de docencia interactiva:
  - Grupos de 20 alumnos.
  - Duración: 1 hora e media.
  - Lecturas escollidas polo profesorado, dinámicas de debate posterior e elaboración de materiais dixitais que se compartiron co grupo completo na aula virtual Moodle.



Imaxe da pantalla do Moodle da materia e dunha das presentacións elaboradas polos nosos alumnos

## Resultados e conclusión

Nesta primeira experiencia, comprobamos a necesidade do alumnado de incorporar perspectiva de xénero ao pensamento crítico nos problemas de saúde da comunidade. Os nosos estudantes constataron a necesidade de reflexionar en como inflúen de distinta maneira nos problemas de saúde de mulleres e homes, non só os factores biolóxicos senón tamén os relacionados co estilo de vida e mesmo coas diferenzas no acceso e uso dos servizos do sistema sanitario. Todo iso bastante relacionado á vez con outros determinantes sociais como idade, grupo étnico, situación socioeconómica, etc.

Coronado Carvajal C  
Freijomil-Vázquez C  
Correo de contacto:  
carmen.coronado@udc.es



Vicerrectoría de Oferta Académica  
e Innovación Docente  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



## 2. REFERENCIAS

- Alcántara Moreno, G. (2008). La definición de salud de la Organización Mundial de la Salud y la interdisciplinariedad. *Sapiens.Revista Universitaria de Investigación*, 9 (1), pp. 93-107.
- Gavidia, V. & Talavera, M. (2012). La construcción del concepto de salud. *Didáctica de las ciencias experimentales y sociales*, 26, pp.161-175.
- Organización Mundial de la Salud (2016). Género, cambio climático y salud.
- [http://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/204178/9789243508184\\_spa.pdf;jsessionid=9AEFAB1301F80311323F8E670EF5AB28?sequence=1](http://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/204178/9789243508184_spa.pdf;jsessionid=9AEFAB1301F80311323F8E670EF5AB28?sequence=1)
- Organización Panamericana de la Salud/Organización Mundial de la Salud (2010). Género y Salud: una guía práctica para la incorporación de la perspectiva de género en salud.
- <http://iris.paho.org/xmlui/handle/123456789/5701>
- Ponferrada Arteaga, M. (2017). Guia per a la introducció de la perspectiva de gènere en la docència. Universitat Autònoma de Barcelona. Observatori per a la Igualtat.
- [https://www.uab.cat/doc/Guia\\_perspectivagenere\\_docencia](https://www.uab.cat/doc/Guia_perspectivagenere_docencia)